# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 8 de febreiro de 2010

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudosio Álvarez Álvarez
Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

Dª Raquel Díaz Vázquez
Dª María Jesús Lago Rey
Dª Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
Dª Iolanda Veloso Ríos
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de febreiro do ano dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(90).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de decembro e sesións extraordinarias e urxentes do 22 e 23 de decembro do ano 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.
.

2(91).- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ACORDO DE CONCESIÓN OU DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2009 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 6704/77.
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 28.01.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*Visto o expediente relativo á concesión ou denegación de Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2009 no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011*

*ANTECEDENTES DE FEITO*

*Primeiro.- Que con data 20 de xullo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou aproba-las bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións do ano 2009 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2009 (expte: 5996/77)*

*Una vez rematado o prazo de admisión de solicitudes se constitúe a Comisión de Valoración, de conformidade coa base terceira da convocatoria, emitindo o informe correspondente no que se concreta o resultado da evaluación efectuada, e aprobándose a concesión das axudas por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de decembro de 2009.*

*Segundo.- Foi detectado un erro material no reparto dalgunha das cantidades correspondentes ás Axudas Municipais á Creación de Empresas 2009*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*O artigo 105.2 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, en redación dada pola Ley 4/99, establece que "las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".*

*O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local de conformidad coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Á vista dos antecedentes e das consideracións expostas propónse a adopción do seguinte ACORDO:*

*ÚNICO.- Rectifica-los erros materiais existentes no punto 1 do acordo da Xunta de Goberno Local do día 14 de decembro de 2009, de concesión ou denegación de Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2009 no Marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011 (expte.: 6479/77) no sentido seguinte*

*Onde dí*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6210-77* | *Mª MERCEDES ALVAREZ GARCIA* | *36.050.528-Y* | *1.665,72 €* |

*Debe decir:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6210-77* | *Mª MERCEDES ALVAREZ GARCIA* | *36.050.528-Y* | *3.000,00€* |

*Onde dí*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6211-77* | *AGARIMO ATENCIÓN A MAIORES, S.L.* | *B-27.706.944* | *1.583,46 €* |

*Debe decir:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6211-77* | *AGARIMO ATENCIÓN A MAIORES, S.L.* | *B-27.706.944* | *1.665,72 €* |

*Onde dí*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6212-77* | *JESUS M. CORBACHO OITAVEN* | *36.141.011-F* | *1.135,37 €* |

*Debe decir:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6212-77* | *JESUS M. CORBACHO OITAVEN* | *36.141.011-F* | *1.583,46 €* |

*Onde dí*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6215-77* | *CRISTINA MONTEAGUDO REGUERA* | *53.190.254-V* | *3.000,00 €* |

*Debe decir:*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *6215-77* | *CRISTINA MONTEAGUDO REGUERA* | *53.190.254-V* | *1.135,37 €* |

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(92).- ASISTENCIA DA TÉCNICA DE XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA AO FORO INTERNACIONAL DAS ARTES ESCÉNICAS ESCENIUM 2010. EXPTE. 12019/331.**
Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables emitidos por Intervención Xeral que acreditan a existencia de saldo para o gasto que se propón, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación do Servizo de Cultura, do 12.01.10, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 ao Foro Internacional das Artes Escénicas Escenium 2010, que terá lugar en Bilbao entre os días 10 e 12 de febreiro de 2010, autorizando que a viaxe de ida se realice o día anterior e o de volta ao día seguinte do remate do foro.

2º.- Autorizar os seguintes gastos: 125 € con cargo á partida 4510.162.00.00, 516,85 € con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de persoal” e 500 € con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.
3º.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380-K, a través da conta de habilitación do departamento de Cultura en Caixanova nº 2080 0000 7 8 0040302691.

**4(93).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXVIII EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR. EXPTE. 12032/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación do Servizo de Cultura, do 25.01.10, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e a xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto de 360,00 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS) con cargo á partida 4510.462.00.00 "Premio Eduardo Blanco Amor", do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Poio (CIF: P3604100B), organizador da XXVIII edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio".

**5(94).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E AS ENTIDADES DEPORTIVAS C.D. COIA E S.D. CRISTO DA VICTORIA PARA O REGULAMENTO DOS USOS NO CAMPO MUNICIPAL DA BOUZA. EXPTE. 8539/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de Patrimonio, do 23.11.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades deportivas C.D. Coia e S.D. Cristo da Victoria, para o regulamento dos usos no campo Municipal da Bouza no que ambas entidades desenvolven os seus programas deportivos.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES DEPORTIVAS CLUB DEPORTIVO COIA E SOCIEDAD DEPORTIVA CRISTO DE LA VICTORIA PARA A REGULARIZACIÓN DOS USOS DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO CAMPO DA BOUZA.*

*En Vigo, a de de 2010*

*REUNIDOS*

*Dunha parte: D. Xabier Alonso Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo.*

*Doutra parte: D. Ramón López García como Presidente da Entidade Sociedad Deportiva Cristo de la Victoria, con C.I.F.G-36684124 e con domicilio social na Rúa la Guardia, Nº 12 en Vigo, e D. Juan Manuel Soaje Alonso como Presidente da Entidade Club Deportivo Coya, con C.I.F.G-36753911 e con domicilio social na rúa Avda. Florida, Nº 77 en Vigo.*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.-* *Que o Concello de Vigo é o organismo xestor da Infraestructura Deportiva da Cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en tódolos ámbitos.*

*SEGUNDO.-* *Que as Entidades Club Deportivo Coya e a Sociedad Deportivo Cristo da Victoria, son entidades deportivas da cidade de vigo e teñen entre os seus fins o desenvolvemento de actividades deportivas relacionadas coa súa modalidade, e para o cal, desenvolven actuacións de promoción e dinamización do deporte en relación o seu ámbito de actuación.*

*TERCEIRO.-* *Que ámbas as dúas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva.*

*CUARTO:* *Que de forma xenérica, o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación das diversas posibilidades de práctica deportiva na instalación Municipal do Campo de Fútbol da Bouza.*

*QUINTO:* *Que todos estos aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coas Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo da Victoria, no cal búscase como obxecto principal, encamiñar as actuacións de colaboración como axentes coordinadores no desenvolvemento da práctica deportiva na instalación Municipal do Campo de Fútbol da Bouza, de cara a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto, polo que enténdese que o contido do obxeto que regúlase neste convenio non está regulado na Lei de Contratos del Sector Público 30/2007, del 30 de Outubro, polo que o negocio queda excluido por razóns obxectivas da Lei de contratos.*

*Que en virtud delo, ambas as dúas partes partes acordan suscribir o presente convenio de colaboración en relación á necesidade de executar e desenvolver as actuacións necesarias baixo os principios e garantias de equilíbrio, capacidade e solvencia, e que de forma específica especifícase nas seguintes clausulas:*

*CLÁUSULAS*

*Primeira:* *O obxecto do presente convenio establécese na colaboración entre a Concellería de deportes do Concello de Vigo e as Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo da Victoria para a regularización dos usos dos equipamentos incluidos na instalación Municipal do Campo de Fútbol da Bouza, en base á execución dun programa de dinamización da actividade deportiva na devandita instalación, baixo os principios e garantias de capacidade, solvencia e responsabilidade das propias entidades en base a:*

1. *A vontade de fomentar a participación cidadá e de colaborar coas Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo de la Victoria como elementos activos e colaboradores na promoción deportiva.*

- *O desexo de ámbalas dúas partes de promover a actividade deportiva, adecuándoa ás características peculiares dunha zona do núcleo urbano de Vigo.*

3. *A necesidade de planificar e desenvolver actividades deportivas que fomenten os valores saudabeis e participativos nesta zona de Vigo.*

*Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) (art. 4.d), queda referida ás propias clausulas do convenio, ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

*Terceira: As entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo da Victoria, á sinatura do convenio, certificarán debidamente que se atopan ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Asimesmo, presentarán os estatutos da entidade nos que consten quen ostenta a representación legal da mesa e ten capacidade para asinar o presente convenio.*

*Cuarta: As Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo de la Victoria, colaborarán coa Concellería de deportes do Concello de Vigo no desenvolvemento da dinamización deportiva na instalación mencionada na clausula primeira, a través dos seguintes compromisos:*

*a.- Desenvolvemento dun programa de dinamización deportiva na instalación, que presentarán anualmente á sinatura da renovación do presente convenio, e que debe responder a:*
*a.1.- Xerar ofertas que se correspondan coas demandas do seu entorno social.*
*a.2.- Ser mediadores na difusión das actividades do I.M.D., colaborando no seu desenvolvemento.*

*b.- Dentro do devandito programa deberán incluirse as seguintes actividades:*
*3.1.- Nº de equipos, categorías e competicións oficiais nos que participan equipos da entidade.*
*3.2.-Distribución horaria dos adestramentos dos equipos da entidade.*
*3.3.-Actividades deportivas especiais que se consideren oportunas para o desenvolvemento e difusión da modalidade.*
*3.5.- Actividades deportivas coincidentes coas festas populares da parroquia.*
*3.6.- A definición da programación deportiva da instalación será a establecida de entre as necesidades existentes, trasmitidas polas Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo de la Victoria á Concellería de Deportes do Concello de Vigo, autorizando esta concellería a celebración e desenvolvemento das mesmas. Calquera cambio na programación deportiva que afecte ó desenvolvemento normal das actividades deberá ser comunicado e autorizado pola Concellería de Deportes do concello de Vigo.*

*c.- Durante os horarios establecidos pola Concellería de Deportes no anexo I, para o desenvolvemento deste programa de promoción da práctica deportiva, responsabilizaranse e garantizarán mediante persoal propio a apertura e peche da instalación, así como das tarefas básicas do control e vixiancia das actividades, igualmente garantizarán a custodia das propiedades e enseres depositados na*

*instalación para o cal deberán cursar os correspondentes partes de mantemento para o seguimento das necesidades derivadas do funcionamento básico da instalación.*

*d.- O persoal que dispoñan as entidades Club Deportivo Coya e Sociedad deportiva Cristo de la Victoria, non terá ningunha relación laboral contractual coa Concellería de Deportes do Concello de vigo, e deberá atoparse baixo o réximen laboral adecuado a súa responsabilidade. Así memso deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*

*f.- De forma Xeral tódas as incidencias e necesidades serán trasmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente da Concellería de Deportes do Concello de Vigo para o seu fluído tratamento e coñecemento.*

*g.- En toda a información e publicidade da actividade deportiva vinculada a este convenio figurará o logo da Concellería de Deportes do Concello de Vigo como entidade colaboradora.*

*h.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego.*

*Quinta.- A Concellería de deportes do Concello de Vigo comprométese a:*

*a.- Colaborar coas Entidades que asinan o presente convenio na programación das diversas actividades deportivas vinculadas con este convenio.*

*b.- Para o acceso a instalación deportiva a Concellería de Deportes do Concello de Vigo facilitará ás Entidades unha copia das chaves da instalación, responsabilizándose o persoal das entidades da custodia, adecuado uso para a apertura e peche da instalación, así como de non transferir a terceiras persoas as chaves.*

*c.- O responsable técnico da Concellería de Deportes do concello de Vigo, xunto coas entidades, realizará o seguimento, control, evaluación e revisión do presente convenio, prestando a súa colaboración e asesoramento técnico nas actividades derivadas do presente convenio, actuando ademais como canle de comunicación continua entre ámbas as dúas entidades.*

*d.- A Concellería de Deportes do Concello de Vigo, cederá de forma gratuita as instalacións deportivas vinculadas ás necesidades básicas deste convenio. Ámbas as dúas entidades, deberán entregar na Concellería de Deportes cada tempada, entre o 30 de Xuño e 1 de agosto, a programación deportiva da tempada seguinte, especificando o número de equipos previstos, de xogadores e os usos e distribución previstos de horarios que se prevean nas franxas inicialmente asignadas pola Concellería de Deportes do Concello de vigo para a súa utilización, así como a certificación de atoparse ó corrente coas obrigas co Concello de Vigo.*

*Sexta.- A Concellería de deportes do Concello de vigo, a través do seu persoal cualificado resérvase a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de mantemento e coidado da instalación, para o cal as Entidades que asinan este convenio atenderán as indicacións do*

*anexo II. Neste sentido estableceranse cantas reunións sexan oportunas para o correcto funcionamento deste convenio. Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará estará formada por duas persoas nomeadas por cada unha das partes.*

*Septima.- A Concellería de Deportes do Concello de Vigo terá a potestade para, en casos excepcionais e previa comunicación ás entidades por escrito, utilizar a instalación para cubrir necesidades da propia programación deportiva Municipal.*

*Oitava.- A vixencia do presente convenio será dende a sua sinatura ata o 1 de agosto de 2010, renovándose automáticamente de non existir impedimento por ningunha das partes, para o desenvolvemento das actividades unha vez finalizado a data especificada anteriormente, e tras a presentación do proxecto anual de actividades de cada entidade entre o 15 e o 30 de xuño cada tempada.*

*Novena.- A Entidades Club Deportivo Coya e Sociedad Deportiva Cristo de la Victoria non poderán percibir cantidade algunha por parte de terceiros pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente sen autorización previa da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décima.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, quedando facultado o Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.*

*Así, de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio por triplicado.*

*ANEXO I: DISTRIBUCIÓN HORARIA E DAS INFRAESTRUCTURAS DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO CAMPO DE FÚTBOL DA BOUZA.*

*a. Distribución dos horarios de uso do terreo de xogo:*

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 16'00h-17'00h | *C.D. Coya | *S.D. Cristo Victoria | *C.D. Coya | *C.D. Coya | *S.D. Cristo Victoria |
| 17'00h-18'00h | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria | C.D. Coya | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria |
| 18'00h-19'00h | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria | C.D. Coya | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria |
| 19'00h-20'00h | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria | S.D. Cristo Victoria | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria |
| 20'00h-21'00h | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria | S.D. Cristo Victoria | C.D. Coya | S.D. Cristo Victoria |
| 21'00h- | **C.D. | **S.D. Cristo | **S.D. Cristo | **C.D. | **S.D. Cristo |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 22'30h | Coya | Victoria | Victoria | Coya | Victoria |

*<u>A entidade usuaria do horario de apertura da instalación:</u>*

- *Será a responsable de realizar as comprobacións do correcto funcionamento dos sistemas básicos da instalación, revisando o bo funcionamento dos sistemas eléctricos, caldeira, auga...*
- *En caso de detectar algunha avaría, notifiarao á Concellería de Deportes do Concello de Vigo e á entidade usuaria da franxa horaria seguinte coa finalidade de facilitar a previsión de posibles cambios na programación das súas actividades.*

**<u>A entidade usuaria do horario de peche da instalación:</u>*

- *Será a responsable de comprobar que a desconexión da iluminación, o estado da caldeira, a recollida do material,..., e responsabilizarase do peche da instalación.*
- *En caso de detectar algunha avaría, notifiarao á Concellería de Deportes do Concello de Vigo e á entidade encargada da apertura da instalación ó día seguinte coa finalidade de facilitar a previsión de posibles cambios na programación das súas actividades.*

*b. <u>Usos dos vestiarios da instalación:</u>*

- o *Cada unha das entidades usuarias da instalación poderá facer uso de dous vestiarios da instalación, que quedarán asignados a cada unha delas durante a vixencia do presente convenio.*
- o *A utilización dos vestiarios será independente dos usos do terreo de xogo, podendo cada entidade facer uso dos mesmos sen interferir nas actividades desenvolvidas pola entidade que teña asignado o uso do terreo de xogo nesa franxa horaria.*
- o *As entidades serán as responsables do mantemento das condicións de limpeza e bon uso dos vestiarios.*

*c. <u>Colocación de emblemas e publicidade na instalación:</u>*

- o *A colocación de publicidade farase de forma proporcional por parte das dúas entidades.*
- o *Calquera cambio ou alteración na ubicación, cantidade, tamaño... do material colocado, deberá ser autorizado polo IMD previa solicitude por escrito da entidade.*
- o *A colocación de emblemas, bandeiras e demáis material identificativo de calquera das entidades deberá ser solicitada e autorizada polo IMD.*

*<u>ANEXO II: INDICACIÓNS E PAUTAS PARA O BO FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN:</u>*

*a.- REVISIÓN DOS SISTEMAS E EQUIPOS DA INSTALACIÓN :*

*Neste apartado facemos referencia ó conxunto de sistemas que fan posible o funcionamento habitual da instalación tales como: a producción de auga quente sanitaria, sistemas de iluminación, marcadores, megafonía, etc.*

*a.1.- Recoméndase debido a súa importancia funcional, a revisión a diario.*
*a.2.- Así mesmo pola complexidade e perigosidade dos devanditos sistemas, é absolutamente desaconsexable que se intente efectuar arranxos ou reparacións en ditos sistemas. Para estes procederase comunicando calquera posible anomalía detectada coa maior celeridade posible, para que sexan*

*reparados polo persoal autorizado polo I.M.D. Ditos avisos, aínda que polo seu carácter de urxencia poidan ser realizados telefonicamente, deberan ser reflexados de forma escrita.*

*b.- USOS:*

*A filosofía da normativa deste apartado céntrase na procura de que os usuarios poidan desenvolver a súa actividade nas mellores condicións posibles.*

*b.1.-Cada vez que un equipo ou grupo, deixe de utilizar os vestiarios, realizarase unha revisión do mesmo, comprobando que todo quedou en orde, e que non existen deterioros. No caso de detectar algún deterioro, procurarase subsanar.*

*b.2.-Cando exista algunha avaría nalgún sistema, informarase desta circunstancia á entidade coa que se comparte a instalación, coa finalidade de evitar perxuízos no desenvolvemento das súas actividades, e darase parte por escrito ó IMD.*

*b.6.-Tampouco débese de abandoar a seguridade dos deportistas, tanto a nivel persoal como dos enseres dos que sexa propietario, para o que deberase de ter en conta un control de acceso á instalación.*

*c.- OUTRAS FUNCIÓNS XERAIS:*

*c.1.-Atender ás orientacións e programación feitas polo IMD.*
*c.2.- Realiza-los partes de incidencias de cantas anomalías sexan producidas na instalación.*
*c.3.- Avisar en caso de urxencia á policía local por alteración do orde público ou en caso de lesión grave de calquera usuario o servicio de ambulancias máis cercano.*

**6(95).- PROXECTO DE CONVENIO CON HIPIGAL S.L. POLA ORGANIZACIÓN DA COPA DO MUNDO DE SALTOS DE OBSTÁCULOS -VIGO 2010. EXPTE. 9298/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 19.01.10, conformado polo concelleiro de Deportes, así como o informe do titular da Asesoría Xurídica, de data 25.01.10 e da xefa do Servizo de Fiscalización, de 3.02.2010 co conforme do Interventor Xeral, a xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión directa desta subvención por un importe de 220.000,00 €., a Servicios Hípicos Hipigal SL, consonte co previsto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións con cargo á partida “4521.470.00.01 Convenio Hipigal”, por importe de 220.000,00 €.

Segundo: Aprobar o texto do convenio, entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a celebración do Concurso Hipico Internacional CSI - Copa do Mundo de Hípica 2010, que se vai desenvolver os días 12-14 de febreiro e que se achega con este expediente.

Terceiro: Aprobar e dispoñer do gasto de 220.000 € con cargo á partida “4521.470.00.01 Convenio Hipigal”, a favor da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., CIF: B-

36873354 e con enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208. O pagamento realizarase na conta 2091-0511-35-3040028470.

Cuarto: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (110.000,00€) do importe total proposto, será abonado a Servicios Hípicos Hipigal S.L., á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase a Servicios Hípicos Hipigal S.L CIF: B-36873354, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do presente convenio.

Quinta: Habilitar ao Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2010" NA CIDADE DE VIGO ENTRE O 12 E O 14 DE FEBREIRO DE 2010.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de duos mil dez*

*REUNIDOS*

*Por parte do Concello de Vigo:*

- *D. Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:*

- *D. Manuel María Fernéndez de Sousa-Faro, en representación de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Moade, 72, en Vigo 36208 na representación da mesma, segundo resulta da escritura pública de constitución de sociedade de data 30 de xuño de 2000 articulada polo notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co Número 1257 do seu protocolo, que figura na documentación do expediente núm. 9298-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, é unha das probas pertencente ó Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e*

*amazonas do mundo, e converténdose desta forma no referente da modalidade a nivel mundial na data de celebración, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade.*

*II.- Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumplindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacioanais.*

*III.- Que o Concello de Vigo está interesado no desenvolvemento deste evento deportivo co obxecto de :*

- *Promocionar a cidade de Vigo no ámbito deportivo e turístico como sede de grandes espectáculos deportivos de carácter Internacional capaces de atraer a atención Internacional durante o desenvolvemento da competición.*
- *Colaborar co ámbito de desenvolvemento do deporte de alto nível como referencia para os deportistas da cidade.*
- *Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo Internacional.*
- *Promocionar o deporte-espectáculo na cidade de Vigo como alternativa de ocio.*
- *Consolidar á cidade de Vigo como unha das referencias a nivel Internacional no ámbito deportivo.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4521.470.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 220.000,00. €, a favor de servicios Hípicos Hipigal S.L.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración para a cofinanciación e desenvolvemento da Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos a celebrar na cidade de Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, como pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*VI.- Que Servicios Hípicos Hipigal S. L. non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 9298-333.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo o citado evento deportivo a desenvolver por Servicios Hípicos Hipigal S. L., en relación a Copa do Mundo de Saltos de Hípica, o Concello de Vigo e a dita entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. e a concellería de deportes do Concello de Vigo, comprométense a colaborar no desenvolvemento da Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos presentado e, concretamente, servicios Hípicos Hipigal S.L comprométese a:*

*1º- Organizar o "Concurso Hípico de saltos Internacional CSI Copa do Mundo de Hípica" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010.*

*2º- Xestionar a explotación dunha área para os servicios de bares e cafeterías, dentro do recinto ferial, como complemento e servicio ó público asistente ó Concurso hípico.*

*3º- Cumplir cos compromisos que se asinen coa Fundación IFEVI, xestora do recinto Ferial, sobre a utilización do recinto ferial de Cotogrande.*

*4º- Asumir as responsabilidaes derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.*

*5º- Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.*

*6º- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.*

*7º- A organización porá a disposición da Concellería de deportes invitacións para promover o evento.*

*8º- Responder da veracidade dos datos da solicitude.*

*9º- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización do evento deportivo "Campionato do Mundo de Saltos" que se vai celebrar en Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010 a Servicios Hípicos Hipigal S.L.*

*2º.- Colaborar coa beneficiaria ante a Fundación IFEVI nos trámites necesarios para a obtención da cesión das instalacións do recinto Feiral de Cotogrande para a celebración do Concurso Hípico CSI–Copa do Mundo- do ano 2010 durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontaxe de todos os requirimentos do concurso hípico.*

*3º.- Facilitar os médios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promocion da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., (revista, web, etc).*

*4º.-Conceder directamente á entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. unha subvención por importe de 220.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración da proba do Campionato do Mundo Hípico de saltos de Obstáculos entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, con cargo a partida do orzamento vixente "4521.470.00.01 Convenio Hipigal", por importe de 220.000,00 €.*

*5º.- Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:*

*O 50% (110.000,00€) do importe total proposto, será abonado a Servicios Hípicos Hipigal S.L., á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase a Servicios Hípicos Hipigal S.L CIF: B-36873354, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación setima do presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar totalmente con terceiros a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Tódolos ingresos derivados de: venda de entradas, apostas, matriculas, alugamentos, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Concurso Hípico, serán percibidos en beneficio de "Servicios Hípicos Hipical, S.L." para sufragar os gastos do concurso.*

*Quinto.- A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da "Copa do Mundo de Salto de Obstáculos 2010".*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, en calqueira actividade ou evento relacionado co concurso, na cartelería e demáis material gráfico elaborado aos efectos, según os criterios da Concellería de Deportes.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa conformada deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada.*

*Os xustificantes acreditativos por importe da subvención dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

- *As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

- *Atendendo á especifidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

- *Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.*

*Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes, e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*
*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha disminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de deportes.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2010.*

**7(96).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CIDADE DE VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE SALTOS DE HÍPICA. EXPTE. 1091/107.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do coordinador xeral de Tenencia de Alcaldía, do 20.01.10, conformado polo tenente de alcalde, así como o informe do titular da Asesoría Xurídica, de data 25.01.10 e da xefa do Servizo de Fiscalización, de 3.02.2010 co conforme do Interventor Xeral, a xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio, entre a Tenencia de Alcaldia do Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a organización de proxectos de promoción da cidade e da hípica e de interes do Concello de Vigo, como son o “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o “bautismo hípico”, de forma complementaria a celebración da Copa do Mundo de Hípica 2010, que se vai desenvolver entre os días 12-14 de febreiro e que se achega con este expediente, cunha aportación dende Tenencia de Alcaldia de 50.000,00 €., con cargo a partida 1112.227.06.02 do vixente orzamento.

2º.- Aprobar e dispoñer do gasto de 50.000,00 € con cargo á partida:“1112.227.06.02 Convenio e programas Tenencia de Alcaldia”, por importe de 50.000,00 € a favor da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., CIF: B-36873354 e con enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208. O pagamento realizarase na conta 2091-0511-35-3040028470.

3º.- Habilitar o Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE A TENENCIA DE ALCALDIA DO CONCELLO DE VIGO E "SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL. SL" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CIDADE CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HIPICA, DO 12-14 DE FEBREIRO DE 2010.*

*No Concello de Vigo, con data de de 2010.*

*Por parte do Concello de Vigo:*

- *D. Santiago Dominguez Olveira, na súa calidade de Tenente de Alcalde, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:*

- *D. Manuel María Fernéndez de Sousa-Faro, como representante legal de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208; representación que resulta da escritura pública de 30 de xuño de 2000, autorizada polo Notario de Vigo Don Mariano Vaqueiro Rumbao, co número 1527 de orde do seu protocolo, que figura na documentación do expediente núm. _______-107.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, é unha das probas pertencentes ao Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e amazonas do mundo, e converténdose desta forma no referente da modalidade a nivel mundial na data de celebración, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade.*

*II.- Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacionais.*

*III.- Que o Concello de Vigo está interesado no desenvolvemento dun programa de promoción da cidade a fin de:*

- *Promocionar a cidade de Vigo como sede de grandes espectáculos deportivos de carácter Internacional capaces de atraer a atención Internacional durante o desenvolvemento da competición. Este feito vai propiciar que a imaxe da cidade de Vigo como destino turístico, vacacional e de ocio deportivo se proxecte nun ámbito do panorama Internacional no que a cidade de Vigo ten que estar ubicada, cumplindo cun dos obxectivos principais da área de turismo do Concello de Vigo.*

- *Colaborar co desenvolvemento do comercio hosteleiro da cidade, na medida en que este campionato atrae a Vigo a unha gran cantidade de persoas relacionadas co entorno do campiionato -montaxe das infraestructuras, participantes, equipos de apoio, medios informativos internacionais- e o público en xeral que presenciará a proba destas características.*

- *Colaborar co pequeno comercio e os negocios de restauración da cidade coa chegada á cidade dunha gran cantidade de potenciais clientes vinculados directa ou indirectamente ó evento, participantes, equipos, medios de comunicación, público.*

- *Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de promoción social e concretamente neste caso da Hipica, pola súa trascendencia na consecución dos obxectivos anteriormente citados.*

*A celebración da Copa do Mundo de salto de obstáculos de Hípica que se vai celebrar en Vigoo os días 12 a 14 de febreiro, preséntase como un evento de gran importancia na consecución de tales obxectivos, resultando de interese e utilidade do Concello de Vigo, en canto que se insiren nos programas municipais de promoción da cidade.*

*IV.- As actuacións as que se refire o presente convenio implican a necesidade dunha vinculación directa de Servicios Hípicos Hipigal, S.L. como entidade que obstenta a exclusividade da Federación Ecuestre Internacional para organizar esta proba da Copa do Mundo é ademais é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as ditas actuacións e as autorizacións necesarias.*

*V.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese e a utilidade que para a cidade de Vigo representa a organizaicón do Trofeo Cidade de Vigo e o Programa Bautismo Hípico, dado o interes turístico e de promoción da cidade que representan tales actuacións, o Concello de Vigo e a dita entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L., conveñen a súa colaboración na celebración do devandito evento deportivo a través do desenvolvemento do presente convenio en base os seguintes:*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. comprométese a colaborar coa Tenencia de Alcaldia do Concello de Vigo na organización por parte desta entidade dos proxectos "Gran premio Cidade de Vigo de Hípica" e o "bautismo hípico, e concretamente a:*

- *Organizar o Gran Premio Cidade de Vigo de Hipica e as actividades de Bautismos hípicos, dentro do programa da Copa do Mundo de Hípica, nas datas do 12-14 de febreiro do 2010.*
- *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil, en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.*
- *Facilitar o acceso a persoas con minusvalias físicas ao Recinto Ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.*
- *Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.*
- *En todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Tenencia de Alcaldía.*

*Segundo: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

- *Autorizar a organización do "Gran premio Cidade de Vigo de Hípica" e o programa "Bautismo Hipico" dentro do programa do CSI_ Copa do Mundo 2010 que organiza "Servicios Hípicos Hipigal, SL." para a celebración do mesmo os días 12-14 de Febreiro do 2010.*

- *Aboar a "Servicios Hípicos Hipigal, S.L."dos gastos relacionados coa organización do Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades de bautismo Hípico por un importe de 50.000,00 € con cargo á partida: 1112.227.06.02 "Convenios e Programas da Tenencia de alcaldia".*

- *Previo ao aboamento o Servizo de Deportes, emitirá unha certificación sobre o desenvolvemento da actividade, e Servicios Hípicos Hipigal SL, xustificará documentalmente o total dos 50.000,00€ pola organización específica do Gran Premio Cidade de Vigo de Hipica e as actividades do bautismo Hípico.*

*Terceiro: O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Tenencia de Alcaldia, compromenténdose "Servicios Hípicos Hipigal, SL" a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Gran Premio Cidade de Vigo e Bautismo Hípico.*

*Cuarto: A Tenencia de Alcaldia aportará, no seu eido competencial, os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*Quinto: O Tenente de Alcalde, queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste Convenio, no ámbito de responsabilidade de cada servizo.*

*Sexto: A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate das actividades ás que se refire o presente convenio de colaboración, deberá xustificar a realización das devanditas actividades e aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén o Trofeo Cidade de Vigo e o bautismo Hípico.*

*A documentación da memoria xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

- *As facturas e documentos xustificativos de valor equivalente, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

- *Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a Tenencia de Alcaldía procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado a referencia ao presente convenio de colaboración e o seu obxecto e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a cantidade a recibir a virtude do convenio; indicándose neste caso o importe exacto que resulte imputado ao convenio. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a Tenencia de Alcaldía procederá á devolución do orixinal.*

*Tras a presentación desta memória, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o Coordinador da Tenencia de Alcaldia, procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa memoria, previo ao pagamento dos 50.000,00€*

*Sétimo.- Servicios Hípicos Hipigal, S.L. deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien as actividades obxecto deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da suma da achega municipal e doutras axudas ou subvencións que Servicios Hípicos Hipigal, S.L. puidese recibir para a realización das ditas actividades non poderá superar o custe total destas; caso no que procederá a reducción da achega municipal e, no seu caso, o reintegro do exceso.*

*Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por triplicado o presente documento.*

**8(97).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "ACTIVIDADES CULTURAIS E FOLCLÓRICAS CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2010". EXPTE. 3460/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnico de Animación Sociocultural, do 19.01.10, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Socio-Cultural, do 19.01.10, así como o informe do titular da Asesoría Xurídica, de data 29.01.10 e da xefa do Servizo de Fiscalización, de 3.02.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a concesión directa desta subvención por un importe de 16.000 €., a Servicios Hípicos Hipigal SL, consonte co previsto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 19. 4. c) LSG, e autorizar e dispoñer o dito gasto con cargo a partida "4512.470.00.00 Transferencias empresas privadas".

2º.- Aprobar o texto do convenio que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a concesión dunha subvención por importe de 16.000 €

para coadxuvar á finaciación da realización dun programa de actividades culturais dentro do evento da Copa do Mundo de Hípica, na modalidade de salto de obstáculos por parte de Servicios Hípicos Hipigal, S.L., que se vai desenvolver os días 12-14 de febreiro.

3º.- Habilitar ao Concelleiro de Animación Socio-cultural do Concello de Vigo, D. Xesús López Carreira, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVESO DA CONCELLERIA DE ANIMACIÓN SOCICULTURAL E A ENTIDADE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "ACTIVIDADES CULTURAIS E FOLCLÓRICAS CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2010" NA CIDADE DE VIGO ENTRE O 12 E O 14 DE FEBREIRO DE 2010.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de duos mil dez*

*REUNIDOS*

*Por parte do Concello de Vigo:*

*D. Xesus Lopez Carreira na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:*

*D. Manuel María Fernéndez de Sousa-Faro, en representación de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Moade, 72, en Vigo 36208, segundo resulta da escritura pública de constitución de sociedade de data 30 de xuño de 2000 autorizada polo notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co Número 1257 do seu protocolo, que figura na documentación do expediente núm. _____-335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, é unha das probas pertencente ó Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e amazonas do mundo, e que a convirte no referente da modalidade a nivel mundial, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade, e convertindo daquela tamén á cidade de Vigo nas datas de celebración nun referente deportivo e cultural.*

*II.- Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumplindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato e das actividades culturais e folclóricas paralelas ó mesmo. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacioanais.*

*III.- Que ademais da realización global do evento Copa do Mundo de Hípica, Servizos Hípicos Hipigal, S.L. Propuxo a esta Administración municipal a realización, con ocasión do devandito*

*evento, dun programa de animación sociocultural vinculado coa cultura folclórica galega, integrado por unha serie de actuacións culturais que complementarían a actividade deportiva co espectáculo; programa que estaría necesitado para a súa realización dunha subvención municpal de 16.000 €.*

*IV.- Que a realización do dito programa cultural con ocasión do concurso hípico presenta, por todo canto o que vai dito, un gran interese público e cultural, habida conta o marco no que se produciría e a difusión, proxección e o alcance que adquiriría o evento; razóns estas, que xustifican a concesión da subvención solicitada. Doutra parte, toda vez que as razóns que xustifican a concesión da subvención son, precisamente, as relacionadas coa repercusión pública do evento deportivo organizado pola oferente da actividade cultural e solicitante da subvención, no que se inserirían as ditas actividades culturais, procedería a súa concesión directa, ao abeiro do artigo 19. 4. c) LSG ao non ser posible promove-la concorrencia.*

*V.- Que, toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar á financiación do proxecto "Actividades culturais, de animación e folclóricas con ocasión da celebración da Copa do Mundo de Hípica 2010" que se desenvolverá na cidade de Vigo entre os días 12 eo 14 de febreiro de 2010.*

*VI.- Que Servicios Hípicos Hipigal S. L. non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente instruido para a conclusión do presente convenio.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, cultural e social que para a cidade de Vigo ten o devandito proxecto cultural a desenvolver por Servicios Hípicos Hipigal S. L., con ocasión da celebración da Copa do Mundo de Saltos de Hípica, o Concello de Vigo e a dita entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L., a concellería de Animación socio-cultural do Concello de Vigo, comprométense a colaborar no desenvolvemento das actividades culturais e folclóricas vinculadas á Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos presentado e, concretamente, servicios Hípicos Hipigal S.L comprométese a:*

> *1º- Organizar as actividades culturais e folclóricas vinculadas ó proxecto "Concurso Hípico de saltos Internacional CSI Copa do Mundo de Hípica" que se vai celebrar en Vigo, entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010, conforme ao proxecto xeral presentado.*
>
> *2º- Cumprir os compromiso que se asinen coa Fundación IFEVI, xestora do recinto Ferial, sobre a utilización do recinto ferial de Cotogrande.*

*3º- Asumir as responsabilidaes derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.*

*4º- Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.*

*5º- Desenvolver o programa de actividades de animación a través de actuacións vinculadas co folclore galego, presentado ao Concello.*

*6º- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebren os eventos culturais figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Cultura e Animación Socio-cultural-Concello de Vigo.*

*7º- A organización porá a disposición da Concellería de Cultura e Animación Socio-Cultural invitacións para promover o evento.*

*8º- Responder da veracidade dos datos da solicitude.*

*9º- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización das actividades culturais e folclóricas que integran o proxecto presentado ao Concello, vinculadas ó evento deportivo "Campionato do Mundo de Saltos" que se vai celebrar en Vigo entre o 12 e o 14 de Febreiro de 2010 a Servicios Hípicos Hipigal S.L.*

*2º.- Colaborar coa beneficiaria ante a Fundación IFEVI nos trámites necesarios a cesión das instalacións do recinto Feiral de Cotogrande para a celebración das actividades culturais no marco do Concurso Hípico CSI–Copa do Mundo- do ano 2010 durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontaxe de todos os requirimentos das devanditas actividades.*

*3º.- Facilitar os médios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promocion da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., (revista, web, etc).*

*4º.-Conceder directamente á entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. unha subvención por importe de 16.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración destas actividades culturais, de animación e folclóricas, con cargo as partida do orzamento vixente "4512.470.00.00 Transferencias empresas privadas" .*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar totalmente con terceiros a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Sexto.- A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización das actividade culturais e folclóricas a desenvolver durante a celebración da "Copa do Mundo de Salto de Obstáculos 2010".*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da Concelleria de Animación Sociocultural, en calqueira actividade ou evento relacionado co concurso, na cartelería e demáis material gráfico elaborado aos efectos, según os criterios de ambas Concellerias.*

*Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

- *As facturas e documentos xustificativos de valor equivalente, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro*

*polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

- *Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concelleria de Animación Sociocultural . O xefe do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural, e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha disminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do*

*procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Animación socio-cultural.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura e Animación socio-cultural do Concello de Vigo.*

*Décimo Sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2010.*

**9(98).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACIÓN DO USO EDUCATIVO DO EDIFICIO DE PROPIEDADE MUNICIPAL SITO EN CASIANO MARTÍNEZ, 18. EXPTE. 11343/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 3.02.10, conformado pola concelleira delegada de Educación, que di o seguinte:

*En data 28 de outubro de 2002 a Concelleira-Delegada deste Servizo de Educación, ante o escrito do Director do CEIP "Vírxe do Rocio", no que comunica o cese de uso das unidades de Educación infantil no local sito en Casiano Martínez, 18 (Bouzas), solicita ao Servizo de Patrimonio do Concello o inicio de expediente de desafectación das referidas dependencias.*
*Á vista do inicio do expediente de desafectación citado, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia en escrito de data 06/11/2002 indica ao Concello de Vigo a súa intención de seguir utilizando para usos educativos o edificio, cambiándolle o destino de Educación infantil a Educación Permanente de Adultos.*
*En data 18 de novembro de 2002 e, á vista do escrito desa Delegación da Consellería de Educación, no que comunican o uso previsto para o local como sede da EPA, comunícase ao Servizo de Patrimonio deste Concello que paralice o expediente de desafectacción iniciado.*

*Non embargantes, segundo conta neste Concello, o edificio, canto menos dende setembro de 2006 ata novembro de 2009 permaneceu sen ningunha actividade por parte da Administración autonómica.*

*Como consecuencia da forte demanda non atendida de escolarización no nivel de primeiro ciclo de Educación infantil (0-3 anos), especialmente na zona de Bouzas-Coia, o Concello de Vigo, que xestiona directamente na actualidade 12 unidades deste nivel en catro Escolas Infantís Municipais, encargou proxecto arquitectónico de reforma e acondicionamento desta edificación de propiedade municipal, coa finalidade de presentar a proposta ao Fondo Estatal de Investimento Local 2010, de financiamento das obras de transformación do edificio nunha Escola Infantil Municipal.*

*O edificio situado na rúa Casiano Martínez, 18 é de propiedade municipal, e figura como tal inscrita no inventario de bens municipal e no Rexistro da Propiedade, Tomo 43, folio 73, finca 4.506, inscrición 3ª. Esta finca foi doada ao Concello de Vigo por D. Damián, D. Cirilo, D. Leopoldo e D. Lorenzo Alonso Martínez, mediante escritura outorgada con data 20 de febreiro de 1908. Na escritura de doazón establécese o condicionante da obrigatoriedade do seu uso educativo.*

*Xa que logo, é intención do Concello de Vigo devolver o uso de Escola Infantil (esta vez de primeiro ciclo) á edificación actualmente sen uso, atendendo así á necesidade de postos escolares neste nivel, fortemente deficitario na nosa cidade. Débese ademais ter en conta que na situación actual, á vista dos condicionantes da escritura de doazón, poderían producirse problemas patrimoniais ao estarse incumprindo as condiciones de uso contidas nela.*

*Habida conta que, a pesar de non usarse, a edificación está afecta a uso educativo por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e que se pretende executar no inmoble un proxecto arquitectónico de rehabilitación e acondicionamento para o seu posterior uso, baixo a xestión directa polo Concello de Vigo, como Escola Infantil Municipal de Primeiro Ciclo, faise necesario iniciar e tramitar perante a citada administración autonómica, o correspondente expediente de desafectación.*

*En consecuencia, faise a seguinte PROPOSTA:*

*"Solicitar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a desafectación do uso educativo dependente da administración autonómica, do edificio de propiedade municipal sito en Casiano Martínez, 18, consonte co establecido no Art. 1 Par. 1 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e Orde do 4 de xuño de 1987 do Ministerio de Educación, co fin de instalar nel unha Escola municipal de educación infantil de Primeiro Ciclo (0 a 3 anos)"*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(99).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO". EXPTE. 6698/77.**
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 1.02.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE da obra denominada "Acondicionamento das instalacións de Vigozoo". Incluida na Escola Obradoiro Vigozoo, de conformida-

de co desposto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción.

2º.- O citado PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE estará na obra a disposición de quen interveña na execución da mesma, das persoas e órganos con responsabilidade en materia de prevención nas empresas intervintes e dos traballadores, así como de maneira permanente da dirección facultativa.

**11(100).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA COMPETENCIA DE POTESTADE SANCIONADORA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN MATERIA DERIVADA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ E O OCIO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, NA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 6899/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, do 21.01.10, que di o seguinte:

*O Concello pleno, en sesión do 30 de marzo de 2009 aprobou a Ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, disponiendo no seu artigo 11 que a competencia da potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no artigo 127.1 letra "l" da Lei 7/1985, regulardora das bases de réxime local (LRBRL), poidendo delegar na Concellería de Medio ambiente.*

*Segundo disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercizo das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerárquicamente dependentes. Específicamente, o artigo 127.2 LRBRL faculta á Xunta de Goberno local para delegar nos membros deste órgano o exercizo da potestade sancionadora, e o seu réxime xurídico é o previsto nos arts. 114-118 do RD 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais*

*De conformidade co exposto, <u>proponse á Xunta de Goerno local a adopción do seguinteACORDO</u>*

*Delegar na Concellería de Medio ambiente as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno para a incoación, instrucción e resolución dos procedementos administrativos sancionadores sengundo Ordenanza municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, así como para a adoución das medidas cautelares que no seu caso procedan nos mesmos, resolve-los recursos administrativos que se interpoñan contra as resolucións dictadas no exercicio desta delegación, así como exercer sobre elas as facultades de revisión de oficio que lle competan ó Órgano colexiado*.

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(101).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN PERSOAL MUNICIPAL, NOVEMBRO-**DECEMBRO 2009. EXPTE. 19637/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 26.01.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 14.832,82 €. correspondente ás indemnizacions por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-O.S.P.I.O, Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Benestar Social, Museo Castrelos, Parque Móbil, Sanidade, Montes, Parques e Xardíns, Prevención de Riscos Laborais e Inspección de Tributos, correspondentes ao mes de novembro e decembro de 2009, aínda que se inclúen doutros meses, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

| | SERVIZO | TOTAL |
|---|---|---|
| 4420 | Limpeza | 207,67 |
| 5110 | Vías e Obras-O.S.P.I.O. | 5.431,88 |
| 2220 | Mobilidade e Seguridade | 702,81 |
| 1210 | Conserxería | 866,97 |
| 3220 | Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá | 340,23 |
| 4430 | Cemiterios | 226,86 |
| 3130 | Benestar Social | 70,07 |
| 4513 | Museo de Castrelos | 59,28 |
| 1212 | Parque Móbil | 514,93 |
| 4130 | Sanidade | 389,31 |
| 4326 | Montes, Parques e Xardíns | 252,89 |
| 1211 | Prevención Riscos Laborais | 195,89 |
| 6110 | Inspección de Tributos | 5.574,03 |
| | TOTAL | 14.832.82 |

**13(102).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19604/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 1.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de AGOSTO E DECEMBRO 2009 (Inclue horas de Xullo) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

| SERVIZO | RELACIÓN | MES | Nº DE HORAS |
|---|---|---|---|
| Parque Central (Medio Ambiente) | De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Dominguez | Xullo Agosto | 379,00 |
| Central | De Miguel Angel Alonso Alonso a José Antonio Rodríguez Souto | Agosto | 144,00 |
| Parque Central (Limpieza) | Eugenio Falque Fontan a Florentino Prieto Dominguez | Xullo Agosto | 154,00 |
| Parque Móbil | De Amador Alvarez Bernardez a José Riveiro Rodríguez | Agosto | 458,15 |
| OSPIO | De Angel Ferro Mancho a Ricardo Lobato Cameselle | Agosto | 100,00 |
| Alcaldía | De Basilio Costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña | Agosto Decembro | 250,00 |
| Vias e Obras | De José Luis Amoedo Cabaleiro a Ricardo Caride Gayoso | Agosto | 125,00 |
| Bombeiros | De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez | Decembro | 3,197,00 |
| Bombeiros (Oficinas) | De Mª Luz Palmás Calvar | Agosto | 33,00 |
| Inspección Vías e Obras | De Benito Barciela Simón a Villar Estevez, Raimundo | Agosto | 115,00 |
| Montes, Parques e Xardíns | De Alfonso Casas Iglesias a M. Alfonso López Rodríguez | Xullo Agosto | 880,00 |
| 1ª Tenencia Alcaldía | De José Luis Pérez Costas a Manuel Antonio Vázquez Martínez | Decembro | 105,00 |
| Desinfección | De Jesús Pérez Tomé | Xullo | 50,45 |
| Cultura | De Ramón Vázquez Martínez | Xullo | 45,00 |
| Policia Local Xulgados | De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijares | Decembro | 664'00 |
| Policia Local Horas en exceso | De Iván Abalde Casanova a José Manuel Villar Fernández | Decembro | 1044,45 |
| Conserxería | De Fernando Fernández Amil a Mª Teresa Vaqueiro Herbello | Agosto | 35,00 |
| Relacións Públicas | De Mercedes Rivero Troncoso a Eduardo Pérez Domínguez | Xullo | 12,00 |

O montante do presente expediente ascende a un total de 75.117'82 € (SETENTA E CINCO MIL CENTO DEZASETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS)

**14(103).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS DE D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS. EXPTE. 22202/502.**

Dáse conta do Decreto de data 21.01.10, polo que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

*Con data 13 de xaneiro de 2010 a Xefa de Inspección de Tributos, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de Economía e Facenda, remite a este Servizo de Recursos Huamanos, solicitude de encomenda de funcións pola realización das funcións propias de Inspector Actuario a D. Juan Carlos Román Casas.*

*As necesidades do servizo da Inspección de Tributos para a tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións propias dos funcionarios encadrados no subgrupo A2, ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito a Inspección de Tributos, o cal conta con titulación suficiente a tal efecto.*

*Con data 11 de febreiro de 2009 o Concelleiro de Xestion Municipal, resolveu encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo, con validez dende a data a data da resolucion ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluida na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do ano 2009.*

*Da devandita Resolucion se deu conta á Xunta de Goberno Local na sua sesion de data 2 de marzo de 2009*

*Dado que ata a data ainda atopase vacante o posto de Inspector Adxunto de Tributos e resulta imprescindible manter o correcto funcionamento do Servizo, a xestión do mesmo en canto á tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes ás infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*R E S O L V O*

*"Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluida na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os derei-*

*tos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instruccións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura Inspección de Tributos, Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**15(104).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA AUTORIZADA Á FUNCIONARIA D.ª CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 19626/220.**

Dáse conta do Decreto de data 25.01.10, polo que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

*Con data 22 de xaneiro de 2010, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 100009284) Dª Cristina Gómez García (núm. persoal 78121) xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, solicita se deixe sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 20 de maio de 2009, dende o vindeiro 1 de febreiro de 2009.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación da Alcaldía-Presidencia efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

*R E S O L V O*

*Deixar sen efecto a reducción de xornada autorizada a Dª Cristina Gómez García, núm. persoal 78121, xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, por resolución de 20 de maio de 2009, con efectos de 1 de febreiro de 2010, data na pasará a percibir as súas retribucións íntegras.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**16(105).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A JUSTO ROMÁN S.L. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA POR OBRAS NA RÚA URZÁIZ 176. EXPTE. 60284/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 21.01.10, conformado pola concelleira delegada daÁrea de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Con data 14/07/2009 autorizouse a Justo Roman, S.L. . a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 59094/250, cunha ocupación de 11 $m^2$ na rúa Urzáiz, 176 para reforma do inmoble con licenza 61847/421, constituíndo unha fianza de 1.100,00 € (mil cen euros), con número de operación 2009000040153 de data 14/07/2009.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 27/11/2009 e número de documento 90173315 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.*

*Na inspección realizada con data 21/01/2010, indícase que o valo de obra foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 1.100,00 € (mil cen euros), a favor de Justo Roman, S.L.*

Acordo
A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 1.100,00 € (mil cen euros), a favor de Justo Roman, S.L.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**17(106).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A RELACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 6725/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.02.10, conformado polo concelleiro de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e busca de emprego que se van realizar dende o 1 de febreiro de 2010 ata o 31 de xaneiro de 2011.

2º- Solicitar á Consellería de Traballo a subvención total de 130.576,93 € para financiar a contratación de tres técnicos/ás de orientación laboral e unha auxiliar administrativa como persoal de apoio dende o 1 de febreiro de 2010 ata o 31 de xaneiro de 2011 e o financiamento dos gastos xerais de acordo co establecido na Orde de 31/12/09, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 66.219,66€ para a contratación dos 3 técnicos de orientación laboral e 1 persoa de apoio.

3º- Consignar, nos orzamentos municipais do ano 2010 e 2011, unha partida cunha contía mínima de 66.219,66 € para o cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.

| CUSTOS TOTAIS | Mensual | | | Anual ( 12 meses) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Salario bruto | SS empresa | Custo total | Salario (14 pagas) | SS empresa | Custo total | Subvención Xunta (máx) | Aportación municipal |
| 3 Técnico medio (orientador laboral) | 8.049,84 | 2.584,00 | 10.633,84 | 112.697,76 | 36.175,98 | 148.873,74 | 92.064,87 | 56.808,87 |
| 1 Persoal de apoio (administrativa) | 1.670,33 | 536,18 | 2.206,51 | 23.384,62 | 7.506,46 | 30.891,08 | 21.480,29 | 9.410,79 |
| Gtos persoal | | | | | | 179.764,82 | 113.545,16 | 66.219,66 |
| Gtos xerais subvenc | | | | | | | 17.031,77 | |
| Subvención total | | | | | | | 130.576,93 | 66.219,66 |

- Orde do 21 de drcembro de 2009, no artigo 12: subvención máxima de 30.688,29€/ano por cada técnico contrado y 21.480,29€/año por cada persoal de apoio contratado e o 15% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de custo e desprazamentos que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concellal de Promoción Económica. Emprego e Participación Cidadá, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

**18(107).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 188/13.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación e supervisor da EMAO, do 15.01.10, conformado pola presidenta do organismo Autónomo EMAO, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

*A RPT vixente na Escola Municipal de Artes e Oficios foi aprobada –conxuntamente coa RPT do conxunto do Concello de Vigo- pola Xunta de Goberno Local de 30/05/2005 (BOP nº 108 de 07/06/2005). Na seguinte RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local de 04/08/2008 (BOP nº 175 de 10/09/2008) xa non constan as RPT dos organismos autónomos, sen que o OA EMAO teña aprobado, dende aquela unha nova RPT específica que actualice aquela e a adapte ás modificacións da Plantilla de persoal aprobadas cos orzamentos do ano 2009 e as previsións contidas no proxecto de orzamentos do ano 2010.*

*Seguindo instruccións da Concelleira delegada de Educación e Presidenta do Organismo Autónomo, contratouse no ano 2008 á empresa EOSA, Estrategia y Organización, S.A. o traballo de "Análise, descripción e valoración de postos de traballo da EMAO", que actualmente está en fase de estudo e valoración vinculada ao conxunto de accións progresivas de reorganización da Escola iniciadas ao remate do ano 2007 e como consecuencia da aprobación do Plan de Normalización Curricular do ano 2008 (PNC08).*

*O orzamento aprobado no ano 2009 (actualmente prorrogado) recollía no apartado correspondente á plantilla, modificacións significativas verbo da plantilla do ano 2008. Trátase especificamente da creación dunha nova praza de mestre de formación, unha de técnico medio de bibliotecas, unha de auxiliar de bibliotecas e dúas de administrativo. Estas modificacións non teñen aínda plasmación na RPT do Organismo Autónomo.*

*Asemade, o proxecto de orzamentos para o ano 2010, aprobado pola Xunta Reitora e actualmente en tramitación dentro do proceso de aprobación dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, inclúe soamente como novidade a amortización dunha praza de laboral indefinida de Director, e a creación, coas mesmas características retributivas e de titulación, dunha praza de Funcionario eventual. Esta modificación vai encamiñada a poder cubrir a praza de Director. Consérvanse as prazas creadas na plantilla incluída no orzamento de 2009.*

*A Xunta Reitora na súa sesión de 11/12/2009, acordou realizar unha modificación na RPT vixente, coa finalidade de equiparar retributivamente postos de traballo da EMAO con outros igoais que xa foran valorados nos procesos correspondente no Concello de Vigo e, en concreto, os postos de Auxiliar administrativo, Odenanza, Auxiliar de biblioteca e técnico medio de Bibliotecas.*

